

RESULTADOS CAMPIONATO DE ESPAÑA ABSOLUTO DE JUDO 2015 – FASE FINAL

Pinto (Madrid), 25 abril 2015

DÚAS MEDALLAS DE OURO, CATRO DE PRATA, TRES DE BRONCE E TRES QUINTOS POSTOS, FANTÁSTICO RESULTADO DOS SELECCIONADOS GALEGOS NA FASE FINAL DO CAMPIONATO DE ESPAÑA ABSOLUTO DE JUDO DISPUTADO EN PINTO (MADRID) NO DÍA DE HOXE



De excepcional podemos calificar o balance dos judokas galegos nesta fase final do Campionato de España Absoluto de Judo disputado en Pinto (Madrid) na xornada de hoxe, en primeiro lugar polo número de metais acadado e en segundo lugar pola xuventude dos seleccionados, que augura un prometedor futuro cheo de éxitos, moitos de eles aínda na categoría júnior.



María Bernabeu Avuomo, da A.D. Famu De Frutos acadou o OURO na categoría de -70Kg.

Tecla M^a Cadilla Acevedo (-57Kg), do Club DoMajó, Miguel Riopedre Fernández (-60Kg), do Judo Club UDC e Adrián Mucientes Sisto (-81Kg), do Club Bitácora acadaron a medalla de PRATA.

E os judokas Sergio Trillo Valeiro, do Club Bitácora e Alejandro Sanmartín do Judo Club UDC puxeron a guinda coa disputa de unha emocionante final na categoría de -100Kg, na que Sergio levou finalmente o OURO e Alejandro tivo que conformarse con unha meritoria PRATA, sumando un total de nove medallas para Galicia nestes Campionatos de España que a colocan na segunda posición do medalleiro únicamente superada por Madrid.